



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE ESCAVACIÓN E CONSOLIDACIÓN DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DE MONTE CIDO (FOLGOSO DO COUREL, LUGO)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural pretende formalizar co Concello de Folgoso do Courel, o instrumento conxugal arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024.

Que o instrumento conxugal ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Concello de Folgoso do Courel, para a realización dunha **actuación arqueolóxica de escavación e consolidación do xacemento arqueolóxico de Monte Cido (Folgoso do Courel, Lugo)**

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxugal que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O xacemento arqueolóxico de Monte Cido sitúanse preto do lugar de Moreda, na parroquia de San Xoán de Seoane do Courel, no concello lucense de Folgoso do Courel. En concreto, trátase dun asentamento fortificado localizado nunha longa crista topográfica, situada na marxe sur do río Lor, desde onde exerce unha clara posición dominante sobre o val. A cima esténdese 1 quilómetro de este a oeste, ao longo dunha estreita franxa, flanqueada por pronunciadas pendentes. O asentamento localizado no alto deste esporón, aparece pechado por dous fosos polo este e outros dous polo oeste, nos que se observan amplos derrubes do sistema defensivo. En conxunto, a superficie habitable roldaría os 3.500 m²,





distribuídos lonxitudinalmente nunha exigua plataforma de 10-15 metros de ancho.

O Monte Cido ocupa un lugar emblemático na arqueoloxía romana do noroeste hispano dada a posición dominante deste asentamento no val do río Lor e a súa relación coas explotacións mineiras de época romana existentes na Serra do Courel; ademais da posibilidade de que a táboa de hospitalidade do Courel, uns dos documentos epigráficos máis importantes das antigas rexións de *Asturia* e *Gallaecia*, e a chamada aguia de Carbedo, uns dos mellores testemuños do paso das lexións de Roma polas serras orientais lucenses, procedan deste lugar.

Tendo en conta os valores culturais que posúe o xacemento arqueolóxico de Monte Cido, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de Folgoso do Courel consideran de interese asinar un convenio de colaboración para este ano 2024, avanzando nos traballos xa realizados de investigación e rexistro deste sitio histórico, ademais de realizar labores de consolidación, restauración e acondicionamento das estruturas arqueolóxicas exhumadas de cara a súa conservación e posta en valor.

Estes traballos faranse con metodoloxía arqueolóxica e serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais dos propios traballos arqueolóxicos, prevense levar a cabo diferentes accións de divulgación dos bens e dos traballos realizados nas que se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxual.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificable o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

